



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E O CONSORCIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE XESTIÓN UNIVERSITARIA DE GALICIA PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES EN MATERIA DE SOFTWARE LIBRE

Antecedentes

Segundo o artigo 9.2 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo *Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos* e modificado polo *Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos*, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións, así como o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

As tres Universidades manifestan, a través do Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas de Xestión Universitaria (en diante CIXUG), o seu interese en fomentar e impulsar o uso e coñecemento do software libre no ámbito da súa institución, así como a continuación da actividade dunha oficina de Software Libre Universitaria no seu respectivo ámbito dirixida ao conxunto da comunidade universitaria: estudantes, persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador, favorecendo solucións no campo da





Sociedade do Coñecemento; que ademais contan coa experiencia, estrutura e ferramentas adecuadas para o desenvolvemento deste proxecto.

O CIXUG é o único ente especializado en materia de software libre no ámbito universitario que reúne ademais a característica de estar integrado polas tres universidades galegas (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo), o dito consorcio realiza as súas tarefas co obxectivo de impulsar a incorporación de mellores prácticas aos procesos asociados á xestión académica, xestión de investigación e xestión económica que permitan o deseño e o desenvolvemento de solucións informáticas que apoiem a xestión universitaria e a integración de datos e información en coñecemento.

Razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos

O sector das TIC galego debe converterse nunha das áreas produtivas claves no desenvolvemento económico e social de Galicia, pola súa condición de acelerador do cambio tecnolóxico e polo seu carácter transversal ao resto de sectores.

A Amtega ten entre os seus obxectivos prioritarios, lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico.

O Consello da Xunta, o 3 de decembro de 2020, aprobou a Estratexia Galicia Dixital 2030, que se marca como obxectivos: situar a Galicia como unha rexión dixital de referencia en Europa; implantar un marco dixital común para todas as administracións públicas galegas; desenvolver un novo marco xurídico que regule a nova realidade dixital, e buscar un ecosistema atractivo para facilitar o investimento privado.





O Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas de Xestión Universitaria (en diante CIXUG), ten por obxecto a realización de actuacións de fomento e apoio de actividades en materia de software libre.

Existe unha identidade entre os obxectivos do CIXUG e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

As actuacións que se desenvolverán en base a este Convenio de Colaboración son as seguintes:

- Organización do Premio ao mellor traballo universitario con licenza libre e as xornadas de divulgación asociadas ao mesmo.
- Proxecto DOCOMUN: posta en marcha dun repositorio de modelos baseados en formatos abertos para elaboración de traballos universitarios.
- Enquisas sobre o uso de software libre por parte do alumnado de último curso, co obxectivo de avaliar a situación coa que se enfrontarán ao entorno laboral inmediato.
- Puntos de Información nas Facultades onde se asesorará a todas ás persoas que se acheguen a eles sobre calquera aspecto relacionado co Software Libre.
- Obradoiros de instalación para estudantes de primeiro curso.
- Xornadas de divulgación. Levaranse a cabo diferentes actividades de difusión en colaboración con colectivos con presenza activa dentro da comunidade universitaria para poder compartir as experiencias arredor da divulgación de tecnoloxías libres.
- Colaboración con outras entidades. Estableceranse acordos para levar a cabo accións de divulgación, ou de calquera outra índole con colectivos





que están presentes no ecosistema do software libre en Galicia e que desenvolven actividades arredor do mundo universitario.

A achega económica da Amtega ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Desenvolver plans de formación para o crecemento da Sociedade da Información e a capacitación profesional nas tecnoloxías das comunicacións entre os profesionais e a sociedade en xeral.
- Incorporar a accesibilidade como condición indispensable das actuacións.
- Difusión e divulgación das vantaxes da incorporación das TIC en todos os sectores, así como do sector profesional das TIC.
- Contribuír á igualdade de xénero no sector das TIC.

A Amtega financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de TRINTA E CINCO MIL EUROS (35.000 €) con cargo á partida orzamentaria 04.A1.571A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Santiago de Compostela,

O xerente da Amtega
José Luis Somoza Digón

